

## **Saludo**

Queridos hermanos y amigos que peregrináis en la Iglesia diocesana de Tui-Vigo:

Como sabéis, el papa Francisco ha comunicado el deseo de que me una a esa Iglesia particular, a través del servicio de la unidad; agradezco su confianza y me encomiendo a su oración.

Desde este momento, mi corazón y mi pensamiento están ya cercanos a vosotros. Quiero sentirme unido a toda la comunidad diocesana, a cada una de las personas que la formáis, a todos los que vivís, gozáis y lucháis en ese hermoso lugar de nuestra tierra que es la diócesis de Tui-Vigo. Me gustaría que me sintierais como un hermano que quiere participar de vuestra vida y que quiere hacer camino con vosotros, compartiendo lo que sois y esperáis. Quiero compartir lo que yo soy, mis ilusiones, esperanzas, la alegría de la fe y la pasión por el Evangelio y el Reino del Señor, especialmente con los más pobres y descartados de nuestra sociedad. Sueño con una Iglesia en la que todos y todas, cada uno con su sensibilidad y aportando su grano de arena, se sienta convocado, participe y responsable en esta nueva etapa sinodal que vivimos en la Iglesia, a la que tantas veces nos convoca el Papa Francisco.

Sé que nos toca vivir un momento de cambios muy rápidos, tanto a nivel social como en el seno de la Iglesia. Pero siento que este es un momento hermoso y apasionante; este es el momento, el “ahora” en el que con el Evangelio en la mano, poniendo los pies firmemente en la tierra y el corazón en el cielo, estamos llamados a reflejar el rostro más hermoso de una Iglesia que quiere ser madre pobre, casa de todos, discípula y misionera; una Iglesia en la que todos se sientan en casa y en familia.

Soy consciente de mi fragilidad en el servicio que se me pide, y que tendré que ir aprendiendo con vosotros. Me pregunto qué sentido tiene y por qué, pero sé que en este momento es el mismo Señor quien me invita a soltar lastre, a salir y afrontar nuevos retos, a dejar que sea Él quien me lleve por donde quiera, como siempre ha hecho, y a confiar y confiarme plenamente en Él. Es Él el que va construyendo mi vida y quien siembra el Reino, y yo tan sólo un “ayudante” en ese trabajo; os pido paciencia... contad con toda mi ilusión, pasión y entrega.

Me anima saber que todo esto lo viviremos juntos. Me incorporo a una Iglesia de larga tradición de hombres y mujeres que vivieron y viven su fe sembrando evangelio y construyendo el Reino. No caminamos solos, ni por libre: vamos juntos, en familia, ayudándonos unos a otros, recibiendo una herencia secular, con grandes testigos de la fe, que tenemos que seguir transmitiendo. Todos, sacerdotes, consagrados, contemplativos, seminaristas, seglares... todos, nos necesitamos y juntos, andaremos el camino. Invoco al Beato Pedro González, nuestro querido san Telmo, pidiendo su intercesión y la de Nuestra Madre María, a quien con tanta devoción y cariño rezamos en nuestra tierra gallega.

Agradezco a Mons. Luis Quinteiro su trabajo y entrega de estos años, así como su cercanía, cariño y calidez en la acogida en esa diócesis. Seguro que en él tendré un padre y un hermano que me ayude en este ministerio.

Saludo también, a todos los que tenéis alguna responsabilidad en la vida pública de esta tierra. Desde la búsqueda del bien común y la colaboración mutua, seguro que podremos trabajar por el bien de los últimos y de la Casa común.

Me gustaría pedir os un favor: rezadme desde este mismo momento. Pedidle al Buen Pastor por mí, y no dejéis nunca de hacerlo. Necesito de todos y cada uno de vosotros, de vuestra oración; contáis ya con la mía. Ayudadme en esta nueva etapa y tarea desde el cariño y la corrección fraterna, para que pueda ser tierra fecunda en las manos del Buen Dios.

Siempre juntos, como hermanos y amigo. Un fuerte abrazo.

*Antonio Valín Valdés*

*Obispo Electo de Tui-Vigo*

## Saúdo

Benqueridos irmáns e amigos que peregrinades na Igrexa diocesana de Tui-Vigo:

Como ben sabedes, o papa Francisco ven de comunicar o desexo de que me una a esa Igrexa particular, a través do servizo da unidade; agradézolle a súa confianza e prégolle a súa oración.

Desde este momento, o meu corazón e pensamento están xa cercanos a vós. Quero sentirme moi unido a toda comunidade diocesana, a cada unha das persoas que a formades, a todos aqueles que vivides, gozades e loitades, nese fermoso anaquiño da nosa terra que é a diocese de Tui-Vigo. Gustaríame que me sentírades como un irmán que quere participar con vós da vosa vida e que quere facer camiño convosco, compartindo o que sodes, vivides e esperades. Quero compartir o que eu son, as miñas ilusións e esperanzas, a alegría da fe e a paixón polo Evanxeo e o Reino do Señor, especialmente cos máis pobres e descartados da nosa sociedade. Soño cunha Igrexa na que todos e todas, cadaquén coa súa sensibilidade e poñendo o seu gran de área, se sinta convocado, participe e responsable nesta nova etapa sinodal que estamos a vivir na Igrexa, á que tantas veces nos convoca o Papa Francisco.

Sei que nos toca un momento de cambios ben rápidos, tanto a nivel social como dentro da Igrexa. Pero sinto que este é un momento ben fermoso e apaixonante; esté o momento, o “agora” no que co evanxeo na man, poñendo os pés ben na terra e o corazón no ceo, estamos chamados a reflectir o rostro máis fermoso dunha Igrexa que quere ser nai pobre, casa de todos, discípula e misioneira; unha Igrexa na que todos se sintan na casa e en familia.

Son consciente da miña fragilidade no servizo que se me pide, e que terei que ir aprendendo convosco. Pregúntome qué sentido ten e por qué, pero tamén sei que neste momento é o mesmo Señor quen me está a invitar a soltar lastre, a saír e afrontar novos retos, a deixar que sexa El quen me leve por onde queira, como sempre fixo, e a confiar e confiarme plenamente nel. El é quen vai construindo a miña vida e quen sementa o Reino, e eu tan só un “axudante” nese labor; prégovos paciencia... contade con toda a miña ilusión, paixón e entrega.

Anímame moito saber que todo isto o imos vivir xuntos. Incorpórome a unha Igrexa de longa tradición de homes e mulleres que viviron e viven a súa fe sementando evanxeo e construindo o Reino. Non camiñamos sós, nin por libre: imos xuntos, en familia, axudándonos uns a outros, recibindo unha herdade de moitos séculos de vida, con grandes testemuñas da fe, que temos que seguir transmitindo. Todos, sacerdotes, consagrados, contemplativos, seminaristas, leigos... todos nos necesitamos e xuntos, faremos camiño. Invoco ao Beato Pedro González, o noso benquerido San Telmo,

pedindo a súa intercesión e a da Nosa Nai María, a quen con tanta devoción e agarimo rezamos na nosa terra galega.

Agradézolle a Mons. Luis Quinteiro o seu traballo e entrega destes anos, así como a súa cercanía, cariño e calidez na acollida nesa diocese. Seguro que nel terei un pai e irmán que me axude neste ministerio.

Saúdo tamén, a todos cantos tedes algunha responsabilidade na vida pública desta terra. Desde a búsqueda do ben común e da colaboración mutua, seguro que poderemos traballar polo ben dos últimos e da Casa común.

Gustaríame pedirvos un favor: rezádeme desde este mesmo momento. Pedídlle ao Bo Pastor por min, e non deixedes nunca de facelo. Preciso de todos e cada un de vós, da vosa oración; contades xa coa miña. Axudádeme nesta nova etapa e tarefa desde o agarimo e a corrección fraterna, para que poida ser terra fecunda nas mans do bo Deus.

Sempre xuntos, como irmán e amigo. Unha aperta grande.

*Antonio Valín Valdés*

*Bispo electo de Tui-Vigo*